

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2012 pola que se publica o plan de estudos da titulación oficial de máster universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde.*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe positivo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA).

Establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 24 de febreiro de 2012 (publicado no BOE do 26 de marzo de 2012 por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 5 de marzo de 2012).

Para os efectos do cumprimento do previsto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que establecen que os reitores e as reitoras das universidades deberán ordenar a publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), neste caso, do primeiro inciso do número 5.1 da Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, segundo o anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, segundo comunicado do 14 de outubro de 2008 da Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo á estrutura das ensinanzas, e segundo o artigo 26 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

Esta reitoría

RESOLVE:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de máster universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, que se recolle no anexo a esta resolución.

Vigo, 21 de abril de 2012.

Salustiano Mato de la Iglesia  
Reitor da Universidade de Vigo

## ANEXO

**Máster universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde**

Rama de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas.

Universidade participante: Vigo.

Cadro 1. Distribución de créditos ECTS segundo tipo de materia.

Tipo de materia	ECTS
Obrigatorias	45
Optativas	0
Prácticas externas	9
Traballo fin de máster	6
Créditos totais	60

Cadro 2. Materias, créditos e módulos do máster.

Materia	ECTS	Carácter	Módulo
Xestión das Organizacións Turísticas	6	Obrigatorio	Xestión Turística e Deseño de Produtos
Deseño, Comercialización e Promoción de Produtos Turísticos	6	Obrigatorio	
Planificación de Destinos Turísticos e Desenvolvemento Sostible	6	Obrigatorio	Planificación de Destinos
Métodos para a Análise do Turismo e Influencia das Novas Tecnoloxías en Hábitos de Consumo	6	Obrigatorio	Técnicas de Investigación e Novas Tecnoloxías
Turismo Interior e Rural	6	Obrigatorio	Turismo Interior e de Saúde
Turismo Termal e de Saúde	9	Obrigatorio	
Turismo de Natureza e Ecoturismo	6	Obrigatorio	
Prácticas Externas	9	Obrigatorio	Prácticas Externas
Traballo Fin de Máster	6	Obrigatorio	Traballo Fin de Máster

Para a obtención do título de máster universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, o alumnado deberá superar os 60 ECTS de que consta o máster.